

Acta nº 01-25/26

En Ourense a 3 de setembro de 2025, ás 11:00 reunímonos Carlos Vila, María José Álvarez, Susana Rodríguez, Paula Atrio e Pablo Álvarez para iniciar o curso 2025-2026 co seguinte orde do día:

- Benvida ós novos compañeiros.
- Información relativa ó desenvolvemento do departamento de Tecnoloxía.
- Información relativa ó tratado na última CCP.
- Programacións didácticas. Reparto e elaboración.
- Resolución de dúbidas e preguntas.

Benvida ós compañeiros

Paula e Pablo son novos no centro e transmiten a súa gratitud pola boa acollida que tiveron no centro estes primeiros días.

Explícasellos os espazos e medios dos que dispón o Departamento ós novos compañeiros, que xa foran visitados con anterioridade nunha visita guiada polo IES. O taller 1 é para alumnos de 3ºESO en adiante e o taller 2 está máis enfocado a alumnado de 1ºESO e 2ºESO.

Información relativa ó desenvolvemento do departamento de Tecnoloxía

En primeiro lugar ponse de manifestó a necesidade e a vontade de todos os integrantes do Departamento en colaborar mutuamente en todo o proceso educativo. Compartirase material didáctico entre todos, así como os propios cursos de Edixgal e Aula Virtual de cursos anteriores.

Posto que varios profesores imparten materia no mesmo nivel, é importante unha comunicación fluída e a coordinación suficiente para que todos os grupos tenten levar un avance similar, que sempre pode variar dun a outro polas características do alumnado de cada grupo.

Posto que, ademáis das aulas de clase, vamos a empregar os talleres e as aulas de informática, incídese na necesidade de repetir as normas de uso das instalacións así como manter e facer manter a orde e limpeza en todos os espazos dos que se faga uso. En canto ós talleres, acordouse pedirlles ós alumnos que suban as cadeiras enriba da mesa ó rematar a clase, ainda que non sexa a última hora. En relación coas aulas de informática, prestarse especial atención a como os alumnos deixan os equipos informáticos ó rematar as sesión para evitar cambios de fondos de escritorio. Tamén se incide na importancia de que os alumnos pechen as sesións que puideran ter iniciado durante a clase (correo, Edixgal, AV,...)

Para mellorar a orde dos proxectos que vaian elaborando os alumnos, Susana propón facer unha distribución dos armarios existentes para repartilos por grupos para, así, identificalos axeitadamente.



No transcurso das primeiras semanas é importante facer unha previsión do material que se vai a precisar mercar para que o XD poida xestionar o seu aprovisionamento. O mesmo con ferramenta ou consumibles que poidan facer falla. Comentamos tamén a conveniencia de que os propios alumnos aporten algúns material (cola, cartón, madeira,...) para os proxectos que se fagan ó longo do curso coa finalidade de concienciarlos do custo das cousas e que fan un uso responsable tanto de material como de medios. É importante tamén incentivar o emprego de materiais reciclados ou que se lles poida dar un segundo uso.

Non se lle pedirá ós alumnos que merquen libros en papel, excepto en Tecnoloxía e Enxeñería 2. O tipo de libreta que pida cada profesor para a súa materia queda ó seu criterio.

Para compartir información cos alumnos (apuntes, tarefas, notas,...) é moi importante empregar as plataformas oficiais que pon á nosa disposición a Consellería de Educación, tales como Edixgal, Aula Virtual, correo corporativo, etc...

Explicouse brevemente as posibilidades que ofrecen as plataformas citadas anteriormente para corrixir, avaliar e compartir documentación co alumnado. Buscarase que os alumnos dispoñan dos criterios de corrección das actividades no momento de elaborar as tarefas propostas (Rúbricas, guías de corrección ou indicar a nota de cada apartado/exercicio). Importante tamén, ser claros e concisos nos criterios de avaliación.

Viuse tamén como facilitarlle as claves de acceso ós alumnos Edixgal.

Recórdase a importancia de conservar os exames no Departamento ata que transcurra o tempo establecido legalmente.

As actividades extraescolares que se teñan previsto facer ó longo do curso é preciso reflectilas nas propias programación didácticas e teranse que planificar con tempo suficiente. Algunha proposta que surxiu foi:

- Visita á Depuradora de Ourense (EDAR).
- Visita á Tecnópole.
- Visita a algunha empresa tecnolóxica ou de produción.
- Visita a un parque eólico.
- Competición de Robots na EII

Información relativa ó tratado na última CCP

Fomos avisados de que se actualizaran os documentos de centro (NOF, PAT,...) polo que no los enviarán por correo electrónico e debemos lelos detidamente.

A diferenza do ano pasado, que só había un recreo de 30 minutos, este curso teremos 2 sesións de recreo de 20 minutos cada una delas.

A comezos de cada avaliación fixaranse a data dos exames para que os alumnos fagan o seu calendario polo que é preciso ter en conta as datas das avaliacións, así como dos exames de recuperación de pendentes, xa que este curso serán pola mañá.



A data límite para a elaboración, revisión e entrega das programacións didácticas é o 26 de Setembro. Pídese axilizar o proceso para ter marxe para revisar e modificar o que sexa preciso. Priorizar o deseño e reparto das unidades didácticas ó longo do curso para poder explicarilo ós alumnos na presentación de cada una das materias.

Programacións didácticas. Reparto e elaboración

Cada profesor encargarase de elaborar en Proens a programación didáctica das súas respectivas materias. Naqueles casos nos que a materia é impartida por máis dun profesor realizarase de forma conxunta.

Será preciso desenvolver todos os contados marcados na programación polo que é preciso realizar una temporalización clara e ben planificada.

Todas as programacións terán que reflectir de que xeito se van facer as recuperacións ó longo do curso, así como a recuperación de pendentes de anos anteriores.

Recórdase que é preciso reflectir na programación o peso de cada avaliación na nota final.

Resolución de dúbidas e preguntas

Recórdase que o venres 5 de Setembro ás 9:30 terá lugar unha formación sobre o emprego das pantallas dixitais do centro para que asista todo aquel profesorado que queira.

Paula pregunta se, durante unha clase, pode mandar a un alumno buscar material ou folios a conserxería. Carlos responde que é mellor evitar dita situación con unha boa planificación previa e, de ser preciso, enviar ó delegado.

Con todos estes asuntos, levantouse sesión ás 12:40.

Asinado Xefe do Departamento

Carlos Vila